


Este tipo de páxinas está dirixido á creación dun sistema que, ao igual que hai en blogs e webs, permita introducir comentarios a unha ou varias propostas. Cada usuario (profesor ou alumno) pode introducir un comentario e o resto expresar a súa posición sobre o escrito.

O sistema permite personalizar o avatar de cada usuario (mediante a suba dunha imaxe ao servidor).

O profesor pode en todo momento, borrar calquera mensaxe, mentres que os alumnos unicamente pode eliminar os seus propios comentarios.

Os datos referentes a "Xestión de usuarios""TemaUI" ou á "páxina web" son idénticos ao que xa se comentou no tutorial de "anotacións colectivas".

En canto á "Área visible" da páxina podemos configurar os seguintes elementos:



1. - Na primeira liña determinaremos o ancho da páxina, a existencia ou non dunha "liña de separación" entre as instrucións introducidas no apartado de comentario e o desenvolvemento do propio sistema. Tamén se poden especificar aquí colo e/ou fondo de toda a páxina así como a posibilidade de establece estes comentarios como **privados** (unicamente os usuarios que indiquemos na xestión de usuarios teñen acceso ao sistema).
2. - Debemos de introducir un breve texto/palabra que encabece o propio sistema, indicamos tamén fonte, cor, tamaño, aspecto dese texto e a cor da liña que separa este texto dos comentarios. Podemos tamén establecer un fondo específico para este texto.
3. - Marcando esta casa aparece un pequeno scroll que permite ao visitante da páxina despregar/encoller os distintos comentarios.
4. - Ao marcar esta casa estamos a indicar que en cada comentario aparecerá a hora/data en que foi feito, tamén se pode variar aquí fonte, cor, tamaño e aspecto desta información.
5. - Pode cambiar a imaxe para o "avatar" que, por defecto, terá cada usuarios. Os usuarios poden ter o seu propio avatar, unha vez creada a páxina, facendo clic sobre esta imaxe (por defecto unha silueta con fondo gris. A continuación disto están os aspectos relacionados co texto introducido por cada usuario así como o seu fondo.

6. - En cada comentario aparecerá o nome de usuario que o realizou, aquí é onde especifica o aspecto que terá.
7. - Indique a cor que do bordo no momento de introducir o comentario.

Na pestana "**Etiqueta\Mensajes**" configura a páxina de entrada de datos, neste caso, como elemento distinto temos que introducir a pregunta de confirmación para cambiar o avatar ("Change avatar?") e o apartado de botóns idéntico ás outras páxinas en servidor.

Tan só queda gardar e publicar o noso traballo como se explica no manual de introdución.